Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A orixe de Santo Estevo do Val

Tamén chamada parroquial de Santo Estevo do Vicedo, no concello do mesmo nome. A igrexa foi construída sobre un castro e reformada a finais do s. XVIII.

Dentro da igrexa hai dúas pinturas datadas en 1835 que representan o xuízo e o enterro do santo padroeiro. Atribúense a Juan de Castinande1.

Cóntase que a orixe da igrexa ten que ver coa aparición, logo de violenta tempestade, dun cadro coa imaxe do santo Estevo onde lle din O Altariño, na praia de Xillou. E aínda hai outra xente que di que foi na Fonte do Santo.

Ocorréuselles aos veciños poñer o cadro sobre un carro tirado por bois, gobernados por un home alcumado Cereixeiro. Onde o carro parou, ergueuse o templo.

Tamén hai xente que opina que foron os templarios da Coelleira os que levaron a imaxe para alí.

___

1 Juan Bernardo Pérez naceu en 1784 no lugar de Castinande, Anllo, concello de Sober. Formaba parte dunha familia de artistas coñecidos como 'Os pintores de Santa Cruz".